

Tema 7. A REVOLUCIÓN RUSA E O ESTADO SOVIÉTICO

1. CRISE DO TSARISMO

1.1. O PROBLEMA AGRÍCOLA

- Maioría da poboación activa rusa adicada á agricultura.
- UKASSE de 1861 → Abolición da servidume por Alexandre II.
 - ↳ Os servos convértense en individuos xuridicamente libres e iguais aos demais habitantes do Imperio.
 - ↳ Reciben terras a cambio de pagamentos ao Estado para compensar aos nobres pola perda dos seus servos.
 - ↳ Adscrición dos campesiños ás comunidades aldeanas (MIR): unidade administrativa encargada das obras públicas, asistencia social, recrutamento militar, recadación de impostos. Propietaria da maior parte das terras campesiñas, encargábase da súa distribución segundo as necesidades de cada familia, e regulamentaba o uso dos espazos colectivos.
- Minoría → Campesiños ricos (KULAK) → favorecidos pola acumulación de terras.
 - producen para o mercado urbano en expansión.
- Maioría → Campesiños pobres (MUJIK) → pagaron a súa liberación, pero só puideron comprar os seus lotes de terra ou permaneceron integrados na *mir*.
 - agricultura de subsistencia ⇒ autoconsumo e pago de impostos.

1.2. O PROBLEMA INDUSTRIAL E OBREIRO

- Desenvolvemento na 2ª Revolución Industrial ⇒ A extensión do ferrocarril (iniciativa privada) impulsa o avance da produción mineira e siderúrxica e favoreceu a integración do mercado interior.
- Intervención do Estado:
 - Investimento nas grandes liñas férreas que desbordan a capacidade privada.
 - ↳ A crise de 1901-03 amosou os efectos do descenso de investimentos públicos en ferrocarril.
 - ↳ 1905: A industria de guerra ocupa o lugar prioritario para o Estado.
 - Protección á industria nacional, con fortes aranceis ás importacións de manufacturas.
 - Crecente presión fiscal e emisións de débeda pública para financiar a industrialización.
- ▶ Política de apoio á industria a costa dos intereses agrarios.
- Penetración de capital estranxeiro alentada polo Estado:
 - Amplos marxes de beneficios (explotación de carbón, ferro, petróleo).
 - Baixos salarios.
 - Altos tipos de interese dos préstamos contratados polo goberno e as autoridades.
- O capital estranxeiro controla banca, minería, siderometalurxia e química (menor participación en bens de consumo).
- Características do modelo industrial ruso:
 - Industrias extractivas e de bens de equipo priman sobre as de consumo.
 - Produción industrial concentrada: San Petersburgo, Moscova, Urais, Donetz, Dnieper, Bakú-Caucaso.
 - Man de obra e produción industrial concentrada en grandes centros fabrís.
- ▶ Avance dos CARTELS ⇒ Control de produción e prezos.

1.3. O PROBLEMA NACIONAL

- Imperio ruso ⇒ Centos de grupos étnicos, decenas de relixións e de linguas (→ dominio dos rusos).
- Estado tsarista ⇒ Centralización que forza a integración de minorías → Política de rusificación que favorece a Igrexa ortodoxa e impón a lingua rusa a través da administración e o ensino.
- Represión das reivindicacións nacionais.
- Rexións occidentais ⇒ Influencia da intelectualidade nacionalista sobre as masas.

1.4. O PROBLEMA POLÍTICO E A OPOSICIÓN AO TSARISMO

- 1881: Asasinato de Alexandre II ⇒ Reacción autocrática:
 - Ampliación do poder da policía ⇒ Creación da OKHRANA.
 - Redución do papel dos tribunais.
 - Control de desviacións ideolóxicas
 - Supresión da autonomía universitaria.
 - Controis sobre profesores e estudantes.
 - Endurecemento da censura.
 - Redución de competencias das dumas municipais (ZEMSTVA) e das asembleas comunais, substituídas por funcionarios do goberno.
 - Política de rusificación máis dura.
- Cambios económicos ⇒ Sociedade máis complexa e conflitiva → grupos novos que rexeitan a política autocrática.
- **OPOSICIÓN** clandestina estruturada en diferentes opcións políticas:

- **PARTIDO CONSTITUCIONAL DEMÓCRATA (Kadet-KD) 1905.**
 - Ideoloxía liberal ⇒ Intereses das clases medias urbanas e rurais.
 - Peticións: réxime parlamentario, Constitución, liberdades públicas, sufraxio universal.
 - Pretenden realizar unha reforma agraria.
 - Partidarios da autonomía das nacionalidades.
 - **PARTIDO SOCIAL-REVOLUCIONARIO (Eserita-SR) 1901.**
 - Tradición populista rusa do XIX.
 - Partidarios do socialismo agrario e da colectivización da terra.
 - Apoios entre o campesiñado.
 - Distintas tendencias segundo os métodos de acción (partidarios ou non do terrorismo).
 - **POPULISTAS (*narodniks*)** → Socialismo agrario con colectivización da terra.
 - **PARTIDO OBREIRO SOCIALDEMÓCRATA RUSO (POS DR) 1898.**
 - Ideoloxía marxista.
 - Base: proletarios industriais.
 - Diverxencias sobre a organización e o papel do partido para a implantación da sociedade socialista
- ⇒ 1903 - División:
- a) **MENXEVIQUES** (Plejanov, Martov).
 - Necesidade dunha fase democrática burguesa previa á revolución socialista.
 - Favorables ao pluralismo de tendencias dentro do Partido.
 - Aceptación de coalicións con outros partidos mentres non chegue a revolución.
 - ↳ Modelo dos partidos socialistas occidentais (SPD).
 - b) **BOLXEVIQUES** (Lenin).
 - Partido forte, organizado e profesionalizado
 - Vangarda teórico-práctica da Revolución.
 - Elaboración da estratexia a seguir.
 - Dirixe as masas proletarias cara á toma do poder.
 - Non considera necesaria unha fase burguesa previa á Revolución.
 - Dúas tarefas deben ir unidas: loita contra a autocracia + loita socialista contra o capitalismo.
- **ANARQUISTAS** → En contra de calquera forma de poder.

1.5. A REVOLUCIÓN DE 1905

- 1901: Crise económica
 - Folgas nos centros fabrís.
 - Malas colleitas.
- 1904:
 - Rivalidade entre Rusia e Xapón en Extremo Oriente ⇒ Guerra ⇒ Derrota rusa.
 - Atentados dos SR (eseritas).
 - Os liberais piden unha Asemblea representativa.
- 9-I-1905: O **Domingo Vermello** convértese no Domingo de Sangue en San Petersburgo.
 - ↳ Carga do exército do tsar contra unha manifestación de 150.000 persoas ante o Palacio de Inverno.
- Folgas → Demandas económicas e sociais: dereito á folga, xornada de 8 horas, aumento do salario.
 - Petición de reformas políticas: liberdade política e sindical, asemblea representativa.
 - ↳ Dirección:
 - Comités de obreiros.
 - **SOVIETS**: consellos de deputados obreiros elixidos nas principais cidades industriais.
- Renacemento da conflitividade campesiña → Contra a gran propiedade.
 - Substitución da dirección das *mir* por membros libremente elixidos.
 - Negativa ao pago de impostos.
- Mobilizacións nacionalistas (Polonia, Finlandia, Báltico).
- Exército → Motíns por
 - Pésimas condicións do servizo militar.
 - Temor dos soldados de reserva polo traslado á fronte.
- OUTUBRO ⇒ Ebullición revolucionaria → Diferentes obxectivos:
 - burguesía → liberdades políticas.
 - obreiros → xornada de 8 horas, sindicatos, melloras laborais.
 - campesiños → ocupación de terras dos grandes propietarios.
- ⇒ WITTE presidente do goberno → **MANIFESTO DO 17 DE OUTUBRO** → Liberdades civís.
 - Eleccións á Duma (amplo sufraxio).
- División das forzas antitsaristas
 - Colaboración co tsarismo: burguesía, moderados, dereita liberal, dereita dos SR.
 - Non participan nas eleccións para a Duma: SR de esquerda, bolxeviques.
- Recuperación do control polo tsar:
 - Detención dos líderes campesiños e dos do soviets de San Petersburgo.
 - Lei marcial.
 - Destrución de barricadas en Moscova e illamento dos barrios obreiros.
- 1906: **LEIS FUNDAMENTAIS**
 - Sistema de eleccións indirecto (por grupos segundo riqueza).
 - Dereito de veto do tsar por un ano.
 - Cámara alta (nomeada polo tsar e outras institucións) co mesmo poder da Duma.
- Febreiro 1907: Convocatoria de eleccións para a segunda Duma.
 - ↳ Participación dos bolxeviques → Programa:

- A terra pertence ao pobo.
- Nacionalización das propiedades do Estado, Coroa e Igrexa.
- Reforma agraria conducida por comités elixidos por sufraxio universal.

↳ Deputados acusados de conspiración ⇒ Disolución da Duma e detención dos deputados socialdemócratas.

- Repercusións de 1905:

- As masacres substitúen a imaxe do Tsar protector pola dun tirano sanguinario.
- Fracaso da Duma → Amosa que o reformismo non é a vía para a modernización de Rusia.
- Motíns de soldados → Falta de unidade e fidelidade do exército co tsarismo.
- Derrotas militares → Factor desestabilizador.
- Os revolucionarios comprobaron que o control da capital podería permitir o afundimento do réxime.
- Situación desesperada do campesiñado → Disposto á revolta.
- Organizacións revolucionarias especificamente rusas → **SOVIET** (base da organización estatal bolxevique).

2. 1917: DA CAÍDA DO TSARISMO AO PODER DOS SOVIETS

2.1. O PENSAMENTO REVOLUCIONARIO: LENIN

- Exilio ⇒ Contacto con marxistas rusos e non rusos.
- 1912: Funda *Pravda*.
- Pensamento inspirado na obra de Marx, pero considera que foi elaborado en circunstancias históricas diferentes.
- Puntos da teoría de Lenin:
 - a) O Imperialismo
 - A guerra imperialista debe converterse en guerra civil.
 - O proletariado debe descubrir que ten o mesmo inimigo en todas as nacións.
 - O paso do capitalismo industrial ao financeiro remata coa libre competencia ⇒ concentración en monopolios.
 - O proletariado non corrompido dun país pobre en fase de industrialización iniciará a Revolución (→ Rusia).
 - b) Aportación dos intelectuais
 - Rexeitamento da revolución obreira sen colaboración ⇒ Nega o levantamento espontáneo das masas.
 - A *intelligentsia* pode mobilizar e adoutrinar ao pobo.
 - c) Papel do Partido
 - A revolución debe prepararse coa minuciosidade dunha guerra polo que necesita un Estado Maior.
 - Importancia da disciplina → Non hai revolución sen organización de dirixentes.
 - Canto máis numerosa é a masa, máis necesaria é a organización.
 - Minoría reitora de individuos que teñan como actividade principal a Revolución.
 - Organización de poucas persoas que operen na clandestinidade.
 - d) O Estado
 - Estado burgués ⇒ Máquina represiva que perpetúa as inxustizas.
 - O poder da nova Rusia residirá nos soviets.
 - Parlamento composto por deputados de obreiros.
 - Substitución das institucións occidentais por comisións de especialistas.
 - Estado ⇒ Maquinaria administrativa, sen poder.
 - e) Ditadura do proletariado
 - O proletariado recuperará a súa dignidade cando se suprima a noción de clase.
 - Control do poder polo proletariado (fase transitoria).
 - Obxectivo ⇒ Destrución da democracia burguesa (ditadura enmascarada que permite a explotación dunha clase por outra).
 - f) O socialismo nun só país (Marx-Engels: revolución mundial)
 - Acepta que durante algún tempo a revolución se produza nun país sen extenderse.

2.2. A REVOLUCIÓN DE FEBREIRO

- Gran Guerra
 - Frustracións militares.
 - Problemas económicos.
 - Mobilización enorme de homes (maioría campesiños).
 - Enormes perdas humanas e inferioridade de armamento.
 - Illamento de Rusia ⇒ Afundimento do comercio.
 - Colapso da industria
 - Falta man de obra, materias primas e repostos.
 - Devaluación do rublo ⇒ Encarecemento das importacións.
 - Desorganización do transporte
 - Liñas do ferrocarril sobrecargadas.
 - Interrupcións pola perda de territorios occidentais.
 - Fallos de infraestrutura do Imperio.
- División das forzas revolucionarias sobre a guerra:
 - a) Partidarios dunha tregua co Tsar ⇒ Prioridade: defensa da patria.
 - b) Internacionalistas ⇒ Ocasión para apelar á solidariedade obreira contra os gobernos das nacións respectivas.

- Divorcio entre a monarquía rusa e os problemas do pobo.
- 23 Febr. 1917 → Manifestacións.
 - Folga dirixida polos bolxeviques.
 - Motíns no exército.
- 27 Feb → Confraternización de obreiros e soldados.
 - Liberación dos presos políticos.
 - Constitución de comités ou Soviets que ocupan Petrogrado.
 - Destacamentos de obreiros e soldados ocupan edificios públicos.
- Nicolás II abdica ⇒ Gran Duque Miguel ⇒ Goberno Provisional.
 - ↳ Constitución do Soviet de Deputados Obreiros e Soldados de Petrogrado (control de menxeviques e SR).
 - ↳ Constitución do Goberno Provisional → Presidente: LUOV (KDT).
- ↳ **Dobre poder** (Trotsky)
- Bolxeviques → Desorientación pola rapidez dos acontecementos.
 - Xefes no exilio.
- O goberno Luov ordena continuar na guerra.
- Constitución de soviets en todos os centros neuráxicos: ferrocarril, cidades, telégrafos, cuarteis, aldeas grandes.
- Peticións:
 - a) obreiros: xornada de 8 horas, seguridade no emprego, formación de comités de fábrica.
 - b) campesiños: propiedade da terra que traballan, distribución gratuita das propiedades abandonadas
 - c) soldados: final da guerra, pensións ás viúvas, indemnizacións a feridos e mutilados.
 - d) pobos alóxeños: autonomía, formación de repúblicas federais.
- Características da REVOLUCIÓN DE FEBREIRO:
 - Centro: Petrogrado ⇒ basta o control da capital.
 - Movemento espontáneo provocado pola fame.
 - Dualidade de poder: proletariado (Soviet) / burgués (Goberno Provisional).
 - Papel dos bolxeviques → á espera pola falta de dirixentes
 - ↳ Crítica de LENIN: TESES DE ABRIL:
 - Paso á 2ª etapa da Revolución ⇒ Conquista do poder polo proletariado e o campesiñado.
 - Rexistamento da guerra.
 - Non colaboración co Goberno Provisional (“Todo o poder para os soviets”).
 - Expropiación dos grandes propietarios.
- Continuación da guerra ⇒ Acentuación das diverxencias políticas:
 - ✱ KDT → Continuación da guerra ata a vitoria.
 - República parlamentaria de corte occidental.
 - ✱ Menxeviques e SR → Guerra defensiva para unha paz sen anexións.
 - Asemblea Constituinte.
 - Sistema político de socialismo democrático.
 - ✱ Bolxeviques → Paz inmediata.
 - A Revolución está empezada pero non cubriu ningunha fase.
 - Poder para os soviets e establecemento da sociedade socialista en Rusia.
- Incapacidade do goberno para facer reformas reais.
- Unificación dos bolxeviques en torno ás posturas de Lenin.
- Crecente radicalismo das masas → receptivas ás propostas bolxeviques.
- Xornadas de Xullo ⇒ Manifestacións e sublevacións dalgúns unidades militares.
 - ↳ Restablecemento da orde e represión dos bolxeviques ⇒ Ilegalización.
- Agosto ⇒ Fracaso do golpe de Estado de Kornilov pola axuda bolxevique ao goberno (presidente: KERENSKI).
- Mobilización contra Kornilov
 - Resurrección dos soviets.
 - Recuperación dos bolxeviques.
 - Evidencia da desintegración do exército.

2.3. OUTUBRO: O TRIUNFO DA REVOLUCIÓN BOLXEVIQUE

- Soviet de Petrogrado cabeza do fervor popular.
- 9 Outubro: Chegada de Lenin ⇒ Reunión do Comité Central Bolxevique → Decídese preparar a insurrección armada.
 - ↳ “A arte da insurrección” (publicado en *Pravda*) ⇒ Liñas da ofensiva:
 - ataque dende os barrios obreiros.
 - combinación de flota, obreiros e exército.
 - ocupación urxente de puntos clave (teléfono, telégrafo, estacións, pontes).
 - illamento da capital para impedir a chegada de tropas leais a Kerenski.
- Detonante da Revolución ⇒ O goberno decide levar soldados á fronte ⇒ Soldados dispostos á chamada do Soviet.
- Comités de obreiros e soldados ocupan os servizos públicos.
- A Garda Vermella (Trotsky) duplica os seus efectivos.
- 25 out. → Contrainsal para o asalto ⇒ O cruceiro Aurora canonea o Palacio de Inverno en Petrogrado.
 - ↳ A Garda Vermella ocupa o Palacio e detén ao goberno.

↳ Triunfo ⇒ Poder para os Soviets ⇒ CONSELLO DE COMISARIOS DO POBO (SOVNARKOM)

- Revolución dende os grandes centros industriais: Petrogrado e Moscova ⇒ concentración de poboación.
- Necesidade do control das provincias para impedir a contrarrevolución → Comités de Seguridade Pública.
→ Comités de Salvación da Patria.
- Revolución rápida na cunca do Volga.
- Instalación lenta e precaria dos soviets en moitas zonas do Imperio baixo as antigas autoridades.

3. O NACEMENTO DO RÉXIME SOVIÉTICO: A ÉPOCA DE LENIN

3.1. CONSOLIDACIÓN DA REVOLUCIÓN

- Extensión da Revolución ⇒ Os bolxeviques tentan a toma do poder.
 - ↳ Confusión e enfrontamentos armados → Gobernos autónomos en mans de bolxeviques, menxeviques, burgueses ou exército.
- Periferia (nacionalidades non rusas) ⇒ Movementos nacionalistas de carácter burgués convocan Parlamentos e proclaman a independencia: Finlandia, Estonia, Letonia, Lituania, Ucraína, Bielorrusia, Xeorxia, Armenia, Azerbaijan.
- Avance alemán na fronteira occidental.
- Desorganización do exército ruso.
- Esgotamento da poboación pola guerra. } ⇒ *Decreto a favor da paz* (Lenin).
- ↳ Inferioridade do goberno bolxevique ⇒ Obriga de asinar duras condicións de paz:
TRATADO DE BREST-LITOVSK (8-III-1918): Renuncia a Estonia, Letonia, Lituania, Polonia, Besarabia, Ucraína, Finlandia.
- **Decretos** que rematan co antigo sistema e eliminan o poder das forzas contrarrevolucionarias:
 - Nacionalización dos medios de produción e da banca.
 - Desmobilización do exército.
 - Control da prensa antibolxevique.
 - Supresión de títulos e privilexios.
 - Separación Igrexa-Estado.
 - Establecemento do matrimonio civil.
 - Igualdade da muller.
 - Adopción do calendario occidental.
- Forza de seguridade do novo réxime → *Comisión Extraordinaria contra a contrarrevolución e o sabotaxe* (*Tcheka*, 1917) contra forzas antibolxeviques, partidos opositores e manifestacións populares.
 - 1919: Funcións:
 - manter a orde pública.
 - loita contra os non bolxeviques.
 - 1922: Integración da *Tcheka* na Administración Política do Estado (GPU).
 - 1934: KNVD (Comité do Pobo para Asuntos Internos).
 - 1954: KGB (Comité de Seguridade do Estado).

3.2. A GUERRA CIVIL

- Crecemento do número de opositores á política bolxevique.
 - ↳ III-1918: **GUERRA CIVIL** agravada pola intervención estranxeira.
- EXÉRCITO BRANCO → Forzas da oposición unidas contra os Soviets (de menxeviques a partidarios do tsar).
 - Apoio militar e financeiro de Gran Bretaña, Francia, EE.UU. e Xapón.
 - ↳ Obxectivos
 - └ Evitar o “contaxio revolucionario”.
 - └ Cobrar as débedas contraídas na época dos tsares.
 - └ Esixir indemnizacións polas nacionalizacións.
 - Apoio dos *kulaks*, descontentos polas requisas e a colectivización do campo.
 - Problemas
 - Rivalidades internas.
 - Incapacidade para atraer poboación.
- EXÉRCITO VERMELLO → Organizado por TROTSKI a partir das milicias obreiras dos Soviets (Garda Vermella), corpos armados leais, organizacións guerrilleiras das zonas rurais, antigos oficiais tsaristas e soldados.
 - Servizo militar obrigatorio ⇒ Recrutadas masivas de campesiños.
 - Inicial desorganización que permite o avance do Exército Branco.
 - Organización dun exército revolucionario fortemente disciplinado.
 - Control das vías de comunicación ⇒ Control do territorio (1920) e vitoria (1921).
- ↳ Paralela á guerra ⇒ Política de terror de cada bando sobre o seu contrario: atentado contra Lenin, execución da familia imperial (16-VII-1918).

3.3. AS MEDIDAS ECONÓMICAS

A) As primeiras medidas (Decretos de Outubro de 1917)

- Obxectivo ⇒ Devolver o control dos medios de produción ás clases populares.
- 1917: DECRETO SOBRE A TERRA ⇒ Cambios nas estruturas agrarias e nas condicións campesiñas:
- 1918: LEI DE SOCIALIZACIÓN DA TERRA ⇒
 - Nivelación das explotacións agrarias (pequeno tamaño).
 - Consolidación dos campesiños medios.
 - Estratificación pola distribución de medios de produción (gando, animais, apeiros, abonos).
 - Escasa modernización de equipos e técnicas de cultivo.
 - Escasas colectivizacións.
- DECRETO SOBRE O CONTROL OBREIRO ⇒ Autoxestión proletaria.
 - ↳ Control de cada fábrica polo comité obreiro: melloras salariais, niveis de produción, xornada de 8 horas, control financeiro.
- 1917: CONSELLO SUPREMO DA ECONOMÍA NACIONAL (**VESENJA**)
 - ↳ Nacionalización de industrias clave.
 - ↳ Nacionalización de bancos ⇒ Fusión de bancos privados no Banco do Estado.
 - ⇒ As actividades financeiras decláranse monopolio estatal.

B) Comunismo de Guerra (1918-1921)

- Consecuencias económicas negativas do Tratado de Brest-Litovsk e da Guerra Civil.
 - ↳ Prioridades → Produción para as necesidades bélicas.
 - Abastecemento alimentario ás cidades.
 - ↳ Crecente intervencionismo estatal (Vesenja).
- Requisa dos excedentes agrarios ⇒ Distribución ao exército e nos centros de racionamento.
- Crise agraria ⇒ Os campesiños, sen incentivos comerciais, producen para o autoconsumo.
 - ↳ Non hai excedentes para abastecer ás cidades.
 - ↳ A industria non proporciona bens de consumo.
 - ↳ Inflación ⇒ Depreciación constante da moeda.
- ↓
- Descontento rural ⇒ Escaso apoio aos bolxeviques.
- Confiscacións → Acentuación da redución das colleitas.
- Desviación de parte dos excedentes cara o mercado negro.
- Efectos da crise nas cidades:
 - * Pago de parte dos soldos en especie.
 - * Intensificación do racionamento.
 - * Éxodo masivo da poboación urbana cara ás zonas rurais.
 - * Paralización de fábricas por falta de materias primas, enerxía ou repostos.
 - * Escasa rede de transportes ao servizo dos obxectivos militares.
 - * Descenso da man de obra na industria.
- Medidas do Sovnarkom para aumentar a produtividade:
 - Nacionalización dos centros produtivos.
 - Dirección do Estado de fábricas, talleres e redes comerciais.
 - Abolición dos mecanismos de mercado.
 - Militarización da disciplina laboral ⇒ Combate o absentismo e mellora a organización das empresas.
- └─┬─▶ Medidas implantadas polo terror e a forza ⇒ Éxito político e fracaso económico.

C) A Nova Política Económica (NEP, 1921-1928)


- Descontento contra o goberno bolxevique {
 - Extensión das folgas.
 - Revolta de obreiros e mariños de Kronstadt.
 - ↳ Petición de liberdade de prensa, sindical e de presos políticos.
 - ↳ Movemento aplastado polo Exército Vermello.
- 1921: X Congreso do PCR ⇒ NEP → Cambio na política económica.
 - ↳ Instauración dun Capitalismo de Estado que asegura o control estatal dos medios de produción estratéxicos e recoñece e facilita a iniciativa privada.
- Medidas no sector agrícola:
 - Fin das requisas de excedentes, substituídas por un imposto en especie.
 - Autorización da compravenda de terras e de arrendamentos.
 - Substitución do imposto en especie por metálico para fomentar a venda de excedentes.
 - ↳ Beneficiarios → *Kulaks* por
 - Incorporación ás súas propiedades das terras de pequenos campesiños.
 - Beneficios do traballo asalariado.
 - ↳ Aumenta a estratificación agrícola con mellora xeral da vida campesiña.
 - ↳ Diminúe o malestar campesiño do comunismo de guerra.
 - ↳ Aumenta o poder bolxevique no campo.
- Medidas no sector industrial e comercial:

- Desnacionalización da pequena e mediana industria.
- Autorización de apertura de talleres artesanais e pequenas industrias.
- Arrendamento de empresas estatais a particulares.
- ↳ Problemas → Carenza de materias primas e enerxía.
 - Nivel tecnolóxico moi baixo.
 - Xestión económica deficiente.
 - Escasa capacidade para xerar bens destinados á exportación.
- ↳ Recuperación das industrias rurais e artesanais ⇒ Contribución ao despegue das industrias de bens de consumo.
 - ↳ Reprivatización parcial do comercio ⇒ Actuación como intermediarios de comerciantes privados que se encargaban do intercambio de excedentes agrícolas por bens industriais.
- Resultados da NEP: → Mellora das condicións de vida.
 - Abastecemento das cidades.
 - Aumentan os salarios.
 - Máis postos de traballo.
 - Grupo privilexiado: campesiños ricos, intermediarios, empresarios industriais (NEPMANT).
 - ↳ Criticados polo PC por ser o contrario aos obxectivos da Revolución.
- 1922-1923: **CRISE DAS TESOIRAS** ⇒ Diverxencia prezos industriais/agrícolas.
 - Rápida recuperación da produción agraria ⇒ Descenso dos prezos agrícolas.
 - Os campesiños non poden comprar os produtos industriais por prezos altos e escaso poder adquisitivo.
 - Cae a demanda ⇒ Crise industrial.
 - ↳ Intentos de solución á crise ⇒ Intervención do Estado:
 - Medidas para baixar os prezos industriais :
 - redución de créditos para incentivar a venda de *stocks*.
 - fixación de prezos máximos.
 - importacións de bens moi demandados.
 - Actuacións no campo:
 - facilitar a exportación de produtos agrícolas.
 - o Estado paga máis cartos polo cereal que compra.
 - ↳ Consecuencia da caída dos prezos industriais: - desemprego.
 - diferenciación de salarios. } ⇒ - folgas.
 - novos grupos opositores.
 - ↳ Desprazamento dos apoios bolxeviques das masas obreiras ás masas campesiñas.

3.4. A CONSTRUCCIÓN DO ESTADO SOVIÉTICO

- Goberno provisional → Desaparición do sistema político autocrático dos tsares.
 - ↳ → Intento de crear un Estado republicano e parlamentario.
- Diferente punto de vista do poder paralelo dos Soviets.
- Toma do poder polos bolxeviques ⇒ Triunfo dos Soviets, única fonte de poder.
- Eleccións para a Asemblea Constituinte (convocadas por Kerenski e mantidas polos bolxeviques):
 - Maioría de SR (58%),
 - Resultados pouco favorables aos bolxeviques (25%).
 - Outros: menxeviques, kadetes, nacionalidades.
- Maioría de opositores ao réxime soviético na Asemblea ⇒ Volta á dualidade de poder.
- Accións dos bolxeviques para restar poder aos opositores ⇒ Ilegalización do partido KDT polo Sovnarkom.
- Intento da Asemblea de revisar algún dos Decretos de Outubro ⇒ Sesións aprazadas por falta de acordo.
 - ⇒ O Comité Executivo Central dos Soviets dissolve a Asemblea.
- A Revolución perde o carácter pluripartidista ⇒ Congreso dos Soviets única asemblea legal que represente ao pobo.
- 1918 ⇒ **DECLARACIÓN DE DEREITOS DO POBO TRABALLADOR E EXPLOTADO**:
 - Rusia é unha República de Soviets de deputados obreiros, soldados e campesiños.
 - Todo o poder central e local pertence aos soviets.
 - O novo Estado establécese sobre a base dunha unión libre de nacións libres, como unha federación de repúblicas nacionais soviéticas.
- ⇒ **CONSTITUCIÓN DA REPÚBLICA SOCIALISTA FEDERATIVA SOVIÉTICA RUSA (RSFSR)**
 - Carácter programático (formula os pasos para a transformación do Capitalismo ao Socialismo).
 - Abolición da propiedade privada.
 - Paso dos medios básicos de produción a mans do pobo.
 - Ratificación das medidas adoptadas dende a Revolución.
 - Recorte dos dereitos individuais en función dos intereses do Estado.
 - Sufraxio restrinxido ⇒ dereito a voto para os que realizan un traballo produtivo, soldados e mariñeiros.
 - Obrigatoriedade do traballo e do servizo militar.
 - Abolición de discriminacións por raza ou nacionalidade.
 - Liberdade de conciencia para a clase traballadora.

- Liberdade de opinión e reunión (o Estado facilitará os medios: xornais, locais...).
- Novo sistema político ⇒ Poder organizado nunha estrutura piramidal:



- Resultados prácticos → Predominio político do Sovnarkom.
- Progresiva concentración e centralización do poder.
- Recoñecemento máis formal que real das liberdades e os dereitos dos traballadores.

3.5. A URSS E AS NACIONALIDADES

- 1917: **DECLARACIÓN DE DEREITOS DOS POBOS DE RUSIA** ⇒ Recoñecemento do dereito á igualdade de todos os pobos de Rusia e o dereito á autodeterminación, quedando abolidos os privilexios da nación rusa.
- 1918: Tratado de Brest-Litovsk ⇒ Independencia de Finlandia, Polonia, Repúblicas Bálticas, Xeorxia.
↳ Ocupación alemá de Ucraína e Bielorrusia.
- Fin Guerra Civil ⇒ Gobernos bolxeviques nalgúns repúblicas: Bielorrusia, Ucraína, Armenia, Xeorxia, Azerbaijan.
- **1922**: Unión federal destas repúblicas coa RSFSR ⇒ **TRATADO DA UNIÓN (URSS)**:
 - Recoñecemento da igualdade de dereitos.
 - Dereito á autodeterminación e a un goberno propio.
- 1924: **CONSTITUCIÓN** → Estrutura federal.
 - 2 cámaras: - Consello da Unión.
 - Consello das Nacionalidades.
- Distintos niveis das nacionalidades segundo a súa extensión e o grao de identidade cultural:
 - * Repúblicas Socialistas Federativas Soviéticas (RSFS): Rusia, Transcaucasia.
 - * Repúblicas Socialistas Soviéticas (RSS): Ucraína, Bielorrusia.
 - * Rexións Autónomas (RA): Chuvasia, Udmurtia, Mari, Komi... (na RSFSR).
 - * Rexións Autónomas Socialistas Soviéticas (RASS): Carelia, Tatarstán, Kirghizia, Turkestán, Crimea, Yakutia, Checheno-Igushetia.
- 1922-36: Son Repúblicas Socialistas Soviéticas: Kazakhistán, Kirguizistán, Tadjikistán, Turkmenistán, Uzbekistán.
- Fin SGM ⇒ Incorporación á URSS de Moldavia, Lituania, Letonia e Estonia.
- Problemas da nova organización federal:
 - A RSFS de Rusia convértese no centro da URSS.
 - Nalgúns casos a unión non foi voluntaria (Ocupación do Exército Vermello).
 - Enorme poder de decisión das institucións centrais.
 - Desaxuste entre a estrutura federal da URSS e a centralización do Partido Bolxevique.

3.5. A TERCEIRA INTERNACIONAL

- Revolución de Outubro → Demostración da grave crise do capitalismo.
- Anuncio da revolución socialista mundial.
- Colapso da Internacional Socialista (apoio á burguesía na PGM).
- Renuncia á transformación estrutural do Capitalismo.
- Homologación de todos os PC ao modelo bolxevique ⇒ 21 condicións para a afiliación á IC:
 - * Expulsión dos reformistas e periódicas depuracións de elementos pequenos burgueses.
 - * Obriga de facer propaganda.
 - * Axitación e organización comunista na legalidade ou na clandestinidade.
 - * Vital importancia do traballo revolucionario dentro do exército.
 - * Disciplina férrea nos partidos integrantes da IC.
- Etapas:
 - a) Mantemento das expectativas revolucionarias → Baleiro de poder polo afundimento dos Imperios Centrais.
→ Impacto da Revolución Rusa.
 - ↳ Movementos que tratan de acabar co sistema capitalista:
 - Movemento espartaquista alemán (K.Liebknecht, R.Luxemburgo).
 - República soviética de Baviera.
 - Goberno revolucionario de Bela Kun en Hungría.
 - b) Finais de 1920 → Fracaso da onda revolucionaria ⇒ Debilitamento das organizacións comunistas europeas.
 - Crecente illamento internacional da Rusia soviética.
 - Enfrontamento cos socialdemócratas.

- Bolxevización dos PC en organización e estratexia política.
- Os socialdemócratas manteñen a hexemonía no movemento obreiro.

4. A CONSOLIDACIÓN DO ESTADO SOVIÉTICO: STALIN

4.1. LOITA POLO PODER Á MORTE DE LENIN

- 1922: **Stalin** Secretario Xeral do PCUS → Confirmación das tendencias centralizadoras.
→ Reforzamento do aparato do Partido.
- 1924: Morte de Lenin ⇒ TROIKA: **STALIN, KAMENEV, ZINOVIEV**.
↳ Obxectivo : impedir a Trotski o acceso á dirección do PCUS.
- Distinta concepción da Revolución: → Stalin: Construción do socialismo nun só país.
→ Trotski: A revolución permanente.
- 1925: Triunfo de Stalin ⇒ socialismo autosuficiente, modernización da agricultura e da industria.
- Discusión sobre a NEP ⇒ Separación de Kamenev e Zinoviev.
- Nova *troika*: **STALIN, BUJARIN, RIKOV**.
- **1927** : Triunfo de **Stalin** sobre a oposición ⇒ Expulsión de Trotski do PC.

4.2. A PLANIFICACIÓN ECONÓMICA

- 1929: Abandono da NEP → Fin da liberalización.
→ Planificación.
- O Estado controla todo o proceso económico como propietario dos medios de produción.
↳ COMISIÓN DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA ESTATAL (**GOSPLAN**).
- Planificación organizada a través de **PLANS QUINQUENAIS**:
→ Imperativos e obrigatorios.
→ Máxima centralización das decisións nos órganos superiores.
→ Fixan as taxas de crecemento e a distribución de investimentos.
→ Determinan o prezo dos produtos e dos salarios.
→ Aplicación concreta a cada unha das Repúblicas da URSS.

- I PLAN QUINQUENAL (1928-1932)

- Obxectivo: expansión da industria pesada.
- Conversión do sector agrario en fonte de recursos para o financiamento industrial.
- Cambio nas estruturas agrarias para
→ Asegurar a produción de alimentos e materias primas.
→ Crecemento das exportacións.
→ Liberación de man de obra para industrias e servizos.
→ Aumento da demanda de bens industriais.
- Problemas para resolver → Reparto da terra en pequenas explotacións.
→ Uso intensivo do traballo no sector agrícola.
→ Escasa modernización das técnicas produtivas.
→ Elevado autoconsumo ⇒ falta de excedentes para os mercados urbanos.

Resposta:

- ↳ Rápida colectivización das explotacións agrarias e fin da agricultura de pequena e mediana propiedade.
↳ Oposición de pequenos e medianos campesiños e dos kulaks: - redución da produción.
- sacrificio de gando.
- ↳ Represión: coaccións, deportacións, execucións.
- ↳ Colectivización a través de 2 tipos de explotación agraria:
 - * **KOLJOZES**: Cooperativas agrícolas dotadas de medios de produción de propiedade colectiva para explotar unha extensión de terra común, resultado da suma das propiedades individuais dos campesiños que formaban o *koljoz*.
 - * **SOVJOZES**: Empresas agrícolas estatais en terras de propiedade estatal, explotadas por asalariados agrícolas e dirixidas por técnicos do Estado.

- II PLAN QUINQUENAL (1933-1937)

- Prioridades → Desenvolvemento de fontes de enerxía.
→ Desenvolvemento da industria pesada e armamentística.
→ Desenvolvemento da industria lixeira e de bens de consumo (2º plano).
- Concentración industrial en **KOMBINATS**: Agrupación de industrias con actividades interdependentes.
- Cambio total na estrutura económica → Rápida industrialización.
→ Aumento da produción de industrias básicas.
→ Impacto internacional do crecemento.
- Sectores desfavorecidos → Industrias de bens de consumo.


→ Nivel de vida baixo dos agricultores.

- Problema da escasa produtividade → Obreiros e campesiños traballan sen interese por carecer de alicientes.
 - ↳ Procedementos competitivos e propagandísticos para aumentar a produción:
 - Formación de brigadas cos mellores traballadores.
 - Creación da figura do “heroe do traballo” (Stajanov).
 - Traballo obrigatorio e gratuito en días de descanso (sábados comunistas).

- III PLAN (1938-1942).
- IV PLAN (1946-1950).
- V PLAN (1951-1955).

4.3. REESTRUTURACIÓN DO ESTADO: A CONSTITUCIÓN DE 1936

- Identificación do Partido co Estado ⇒ Supremacía do PC sobre a sociedade.
- Organización do poder ⇒ Estado federal.



- Sufraxio universal, directo e secreto.
- Dereitos de asociación, liberdade de expresión, conciencia e relixión (non reais).

4.4. BUROCRATIZACIÓN

- Aumento dos funcionarios e dos trámites administrativos ⇒ Paralización das institucións.

4.5. CONTROL POLÍTICO E IDEOLÓXICO

- Supresión de disidencias ⇒ Obediencia absoluta ás directrices de Stalin.
- Rixida disciplina e depuración do PC → Prohibición de críticas.
- Acusación a milleiros de comunistas de realizar actividades contrarrevolucionarias.
 - ↳ Procesos de Moscova (1936,1937,1938).
 - ↳ Condena de disidentes residentes no estranxeiro → Asasinato de Trotski.
- Control ideolóxico sobre a *intelligentsia* (escritores, artistas, científicos).
- Difusión nos medios de comunicación da consigna oficial.
- Control da vida cultural.
- Policía política → 1934: NKVD / 1954: KGB.
- Deportación de pobos ⇒ Multiplicación dos campos de concentración (GULAG) para disidentes políticos.

4.6. CULTO Á PERSONALIDADE

- Culto case sagrado a Lenin e Stalin.
- Uso da imaxe de Stalin como propaganda.